PRIMEIRO DERBI PARA OS BIBERÓNS

Partido disputado na mañá do sábado nas magníficas instalacións da Pedreira entre os equipos biberóns do Galicia de Mugardos e o Numancia de Ares con motivo da 5ª xornada do Torneo AFACO de fútbol – 8. NUMANCIA: Juan, Isma, Ángel, David, Sergio Feal, Brais, Xerar, Axel, Dani, Lucas, Aketza, Hugo e Sergio Gil. Nu nha mañá de sábado con sol e temperatura moi agradable celebrábanse nas instalacións de A Pedreira dous partidos de fútbol biberón. Ás 11:00 xogaban o Galicia de Mugardos "B" e o Xuventude de Cabanas e ás 12:00 entraban en escena o Galicia de Mugardos e o noso equipo, o Numancia de Ares. Moita expectación nesta mañá de sábado, moitos familiares vendo a inocencia do fútbol, desfrutando do que según dicían varios espectadores era "o máis bonito do mundo"

Comezaba o derbi cos dous equipos con moito ímpetu, disputando cada balón como se fora o último. Pouco a pouco, os numantinos foron impoñendo a maior experiencia dalgúns dos seus xogadores, o que lles valeu para levarse o primeiro cuarto do partido.

Na segundo envite, o Numancia seguiu forte aínda que centrándose máis en combinar, xogar en equipo e desfrutar do fútbol que en marcar goles. Iso fixo que o Numancia non se levara con claridade o segundo cuarto; aínda que saíron moito máis satisfeitos que no primeiro debido ao xogo efectuado.

No terceiro cuarto, os numantinos baixaron o pistón; iso aproveitarono os mugardeses para chegar con frecuencua á portería numantina e conseguir un gol que lles valía para levarse o terceiro envite.

No último cuarto, o Numancia colleu de novo o timón do encontro, encarrilando rapidamente a súa anecdótica vitoria neste partido. Destacar que o Numancia terminou os ultimos minutos do partido coa totalidade dos xogadores de primeiro ano no campo.

Vitoria para o Numancia por 1-3 neste primeiro derbi da tempada. Como dicimos sempre, os resultados nesta categoría son totalmente anecdóticos. Hoxe vivimos outra festa do fútbol biberón. No Numancia imos vendo, como di unha boa observadora, que os máis pequenos "van saíndo do cascarón", namentres os máis veteranos aprenden a compartir o balón e xogar máis en equipo, sen "abusar" tanto nos partidos do balón e dos contrarios. Nesta categoría do que se trata é de desfrutar e tamén de deixar desfrutar. Se algún dos nenos participantes nos encontros non o pasa ben, é que algo falla, polo tanto é labor de todos que os nenos desfruten

o máximo posible nos partidos.

Toca polo tanto, seguir desfrutando da ledicia, ilusión e emoción que trasmiten os nenos. Unha emoción que ás veces traspasa fronteiras, pasando tamén aos pais que ás veces viven en exceso os partidos co risco de prexudicar aos propios nenos. Pensemos todos, que os nenos ofrecen ledicia, ilusión, fútbol e emocións sen pedir nada a cambio. O mínimo que podemos ofrecerlles é cariño, comprensión, moito ánimo... e respecto e liberdade nas súas accións, sen presionalos nin facer que se volvan tolos.

Polo tanto, logo deste sermón, ímos a seguir desfrutando deste extraordinario torneo AFACO. Ó próximo sábado as 11:30 en Prados Vellos terá lugar, se o tempo o permite o penúltimo encontro da primeira volta entre ó Numancia e o Xuventude de Cabañas. Un partido que promete ser emotivo e con moitas sorpresas. ¡¡¡Esperemos que ó tempo... e o saber estar acompañen¡¡¡ ¡¡¡Non faltedes¡¡ ¡¡¡A seguir disfrutando¡¡¡ ¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡